



O SANTIAGO MATAMOUROS, AS FERRADURAS E A CONSTRUCCIÓN SIMBÓLICA DO ESPACIO POR TERRAS DA MEZQUITA: UNHA PROPOSTA DE ANÁLISE DOS PETROGLIFOS HISTÓRICOS.

Israel Barandela Rivero
Jose Manuel Lorenzo Rodríguez

“Cada sitio seu uso cada roca seu fuso...”
(Dito popular)

Palabras chave:

Petroglifos históricos, ferraduras, folclore,
Apóstolo Santiago, análise iconográfico.

RESUMO

Reabordamos aquí o controvertido tema dos gravados rupestres na nosa provincia e máis concretamente centrámonos nas insculturas de ferraduras na zona oriental da nosa provincia. Se ben existen estudos, sobre todo na primeira metade do século XX, que afondaron no tema con maior ou menor éxito, seguen sendo necesarios traballos de presentación de novos achádegos para contribuír pouco a pouco á recompilación e catalogación do noso patrimonio, xa

que o coñecemento da arte rupestre segue sendo illado na Galicia interior. Os resultados expostos neste traballo, son algunhas das conclusións extrapoladas como consecuencia da elaboración dun proxecto de prospección arqueolóxica no Sueste Ourensán. A metodoloxía do traballo baseouse na prospección de campo acompañado da recolleita etnográfica nas poboacións próximas ás áreas prospectadas, reflectíndose neste artigo parte dos resultados obtidos.

Tentamos analizar o constructo folclórico non só dende o punto de vista da recolleita para a súa salvagarda senón tamén, co obxectivo de analizar como ese folclore se funde e axuda a modelar a paisaxe; ademais de ver como se conforma a toponimia con respecto á pedra, eixo principal sobre o que xira o groso do noso traballo.

Ademais temos en conta a análise doutras recolleitas etnográficas levadas a cabo nestas e noutras latitudes para ver de que maneira encaixan os datos por nós recollidos cos que a bibliografía nos aporta.

Por último aludiremos ao significado que teñen para os parroquianos outras pedras que aínda que non estean gravadas con ferraduras posúen algunha outra característica que deixa constatada a súa función como referente espacial. Remataremos tentando establecer a modo de conclusións uns puntos de reflexión sobre o estudo aquí tratado coa única finalidade de alentar a outros investigadores a afondar no tema, para tentar obter unha visión holística do fenómeno da arte rupestre en xeral así como dos petroglifos de cronoloxía mais tardía, sobre os que a investigación avanzou máis ben pouco.

INTRODUCCIÓN: CARA UNHA CLASIFICACIÓN DOS GRAVADOS DE ÉPOCA HISTÓRICA

Cando falamos de arte rupestre a primeira asociación mental que facemos é a de pensar nun gran panel con círculos concéntricos de grandes dimensións ateigado de coviñas e porqué non, postos a pedir, uns cantos cuadrúpedes (algo ata o de agora descoñecido na nosa provincia), como os espectaculares cérvidos da área das Rías Baixas. A cronoloxía, por suposto prehistórica para facer aínda máis misteriosa a súa simboloxía e significado, que desgraciadamente polo de agora descoñece-

mos. Non somos conscientes, e deso creemos que pecamos a maioría, de que a tradición de marcar as pedras seguiu viva ata hai relativamente ben pouco tempo, conformando o que chamamos petroglifos históricos por estar amparados nunhas datas e contexto específicos. A mellor referencia que temos a día de hoxe localízase nun dos mellores traballos que sobre este tipo de manifestacións se teñen feito, falamos de Ferro Couselo que co seu *Petroglifos de Término y las insculturas rupestres en Galicia* (1952)¹, traballo que abriu as portas a investigar o resultado dunha complexa continuidade de espacio-temporal na tradición de gravar a pedra. Nunha conversa con un dos mellores especialistas en arte rupestre galego, Antonio de la Peña Santos, sobre a suposta cronoloxía dun dos gravados que vamos a presentar, chegouse á conclusión da necesidade de analizar máis en profundidade os gravados de época histórica co fin de obter periodizacións que nos permitiran encadrar os mesmos dentro dos distintos períodos non prehistóricos.

Sirva este artigo de modesto exemplo para motivar aos investigadores a realizar a labor anteriormente exposta, como unha necesidade de afondar no estudo deste tipo de manifestacións culturais.

OS GRAVADOS DE FERRADURAS COMO OBXECTO DE INVESTIGACIÓN: BREVE REPASO HISTORIOGRÁFICO

Existe un consenso case unánime entre os estudosos da arte rupestre na actualidade de considerar os motivos ferraduriformes coma un produto de factura en época histórica², e cunha función clara dentro do espacio, a de acotador ou delimitador de posesións³. Ferro Couselo (1952, 105-114), rescata documentos dos mosteiros de Oseira e Celanova (SXVI-XVII)⁴, nos que a ferradura é utilizada coma demarcación de propiedades. A así mesmo tamén resultan interesantes documentos de época máis tardía (século XVIII) nos que se especifica non só a súa existencia senón que

1. A precisión coa que a maioría das veces este autor deu referencias en aras da historicidade de todos os gravados rupestres, resta importancia os seus supostos erros no que a mezcrolanza de cronoloxías prehistóricas ou históricas se refire.

2. Outros autores atribúen a estes motivos unha cronoloxía prehistórica (Rodríguez Colmenero 1997) mentres que outros concretan a súa cronoloxía na Idade do Ferro (Santos Estevez, García Quintela 2003).

3. O tema foi tratado pormenorizadamente por Costas Goberna e Pereira García (1998).

4. O século XVI, segundo este autor, marca a data de inicio da demarcación de posesións utilizando este tipo de gravados.



Fig. 2: Cruces en Phi e ferraduras de A Fraga das Ferraduras. Fotografía cedida por José Rodríguez Cruz.

tamén a súa feitura⁵. Estas aportacións á investigación non deixan lugar a dúbidas sobre a cronoloxía histórica de parte destes gravados da nosa comunidade, ademais de demostrar con rigor o seu carácter funcional, descodificado na súa totalidade. O problema aparece cando a esta funcionalidade se lle engaden construcións mentais que os fan produto do pasado mítico da zona onde se atopan, fusionándose co seu valor demarcador e facendo complexa a labor de analizar o proceso de formación do folclore sobre os mesmos, o que nos fai plantexar dúas cuestións sobre o seu proceso de formación:

- A primeira é se a realización do gravado e a formación da lenda son cronoloxicamente simultáneas.

-E a segunda, se son parte dun proceso de formación que se pon en marcha no intre en que estas manifestacións culturais perden paulatinamente a maior parte do significado ao esmorecerse o sistema político, económico ou social que as creou⁶.

Repasando parte da prolífica bibliografía sobor do tema⁷, observamos como este tipo de gravados se distribúen por toda a nosa comunidade, convivin-

5. O Comendador de Pazos de Arenteiro, obtén cédula do real consello, para demarcar en 1744 a súa xurisdicción coas de Oseira e Orcellón. Un dos puntos é a Mámoa Verde, onde se grava un "O" e unha ferradura "mal formada por no permitilo la piedra pizarra". Ferro Couselo (1952, 110)

6. Neste caso por mudar a forma de propiedade da terra ao perder control sobre o espazo das células de poder de antano coma os mosteiros, os condados etc.

7. Como estudos xerais pode consultarse Ferro Couselo (1952) ou pola contra para exemplos noutras provincias galegas García Martínez (1968). Para as zonas do sudeste ourensán, como Verín, A Mezquita ou A Gudiña (Taboada Chivite 1945-46; 1973, 186), Rivas Quintas, Rodríguez Cruz (2002) Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes (2004). Nas montañas de Xinzo ver Rodríguez Colmenero (1997), onde tamén son zonas prolíficas nestas manifestacións, véxase tamén López Cuevillas (1926), López Cuevillas, Bouza Brey (1929), Bouza Brey (1938), Cerdeiriña (1926)...

do moitas veces con cruces en Phi⁸ ou gravados de cronoloxía prehistórica⁹, facendo pouco doado o seu estudo e clasificación.

Tamén temos que destacar que as ferraduras están tamén presentes en zonas do Noroeste de Portugal, como Tras os Montes (Bouza Brey 1938, 370), en zonas de Cataluña (Ferro Couselo 1952, 113) ou xa en áreas máis afastadas coma pode ser Francia (Walter 2004, 46-48), onde se aprecian curiosos paralelismos, sobre todo nas lendas que se forman con respecto aos mesmos, nas que podemos verificar que xiran en torno a unha serie de temas recorrentes. Nos relatos recollidos observamos unha constante asociación por parte do habitante do rural destes motivos coa hierofanía cristiá (Barandela Rivero, Lorenzo Rodríguez 2004, 162); como pode ser a burriña da virxe ou de Cristo (Bouza Brey 1938, 374) os Santos patróns locais, como Santa Mariña e a súa pedra da *Vacariza*, en Augas Santas (Allariz, Ourense) (Muñoz de la Cueva 1927, 66-67; Fariña Busto 2002, 62) ou os cabalos de Santiago (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004, 176), San Martín¹⁰ (Walter 2004). No ámbito profano, os cabaleiros coma Roldán (Mandianes de Castro 1990, 24) ou cabalos de soldados que regresan á aldea despois de servir ao Rei (López Cuevillas 1926) deixan maioritariamente a súa impronta que xera un relato que sempre se conforma dunha maneira, como veremos ao analizar o folclore da Mezquita, dun xeito particular.

AS FERRADURAS POR TERRAS DA MEZQUITA

Motivados pola aparición dun curioso exemplo¹¹ nos montes cêrcanos a Castromil¹², poboación administrativamente Castelá pero culturalmente Galega segundo opinión dos seus habitantes, decidimos facer unha serie de prospeccións na procura de máis indicios de arte rupestre por estas terras, centrándonos máis concretamente no concello da

Mezquita e concretamente nas zonas limítrofes con Castela e Portugal. A principal motivación que votou a andar estes traballos, foi a de coñecer un pouco máis este fenómeno nunha zona de transición na que monografías de índole etnográfica (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004) deixaban constancia da aparición de gravados cunhas características e un folclore que os facían merecentes de adicarlle un pouco de atención.

Unha gran parte dos achádegos atopados durante a realización do xa mencionado traballo de campo gardaba unha unidade morfolóxica e temática que parecía concatenarse a medida que nos falaban dunha pedra ou preguntabamos nós sobre o coñecemento da mesma. Era algo curioso o observar como estes gravados gardaban a suficiente importancia para a poboación como para non seren esquecidos os seus puntos de localización e o que é mais importante, semellaba que nalgúns casos non parecía que perderan a súa funcionalidade de demarcadores espaciais. En moitos casos obsérvase claramente o proceso de cristianización que a igrexa levou a cabo en todo o noso país transmutando os esquemas da cultura popular cara o feito relixioso coma explicación última deste tipo de fenómenos. No que se refire aos gravados de ferraduras é o Apóstolo Santiago o principal artellador do entramado simbólico que se asocia a estes gravados, sendo como vimos noutros lugares Roldán, os mouros, a Virxe María, Santa Mariña, etc. Pouco sabemos sobre o proceso de formación do folclore, mais se temos en conta como se constrúe o proceso lendario noutras zonas e noutros vestixios, podemos comparar, e así intuír, como aconteceu esa fusión de funcionalidade e misticismo.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA ÁREA DE ESTUDIO

A área obxecto de estudo localízase, dende un punto de vista administrativo, na provincia de Ourense,

8. Motivo tamén encadrado en cronoloxías históricas por parte dos especialistas no tema (Peña Santos, Rey García 2001).

9. Como acontece en exemplos da zona de Santiago de Compostela (García Martínez 1968) ou en Pontevedra (Peña Santos, Vázquez Varela 1979) ou incluso na nosa provincia, como apreciamos no exemplo de *Corniño da Serra* (Nogueira de Ramuín, Ourense) (Eguileta Franco *et al*, 1999, 22-24).

10. Segundo observamos cumpre a mesma función no folclore francés (Walter 2004, 46-48) que o apóstolo nas nosas terras.

11. Agradecemos a José Rodríguez Cruz, a comunicación persoal deste achádego, ademais da amabilidade coa que sempre nos acolle, e nos guía, nas nosas estancias na súa querida Terra das Frieiras.

12. Trátase da célebre, por aquelas terras, *Fraga das Ferraduras*, que como veremos posteriormente, destaca polo gran panel, a riqueza de motivos nel insculturados ademais das considerables dimensións da rocha que os alberga.




Fig. 3: Escena con antropomorfos e ferraduras de A Fraga das Ferraduras marcando os surcos dixitalmente. Fotografía cedida por José Rodríguez Cruz.

comarca de Viana, concello da Mezquita, parroquia de San Martiño da Mezquita (Fig. 1).

Seguindo a Rivas Quintas, Rodríguez Cruz (2002) xeográficamente, a zona de traballo emprázase dentro da chamada “*Terra das Frieiras*”, que abrangería todo o altiplano de A Gudiña e A Mezquita, área comprendida entre a Serra do Canizo e a Esculqueira. Limita o Concello da Mezquita polo Norte brevemente con Viana do Bolo, ao Nordeste con Zamora, ao Sur con Brangança (Tras-os-Montes, Portugal) e ao Oeste co Concello de A Gudiña. A *Terra das Frieiras* atópase dividida pola Serra do Canizo no que a vertente se refire, xa que marca o cambio da mesma do Sil ao Douro. Trátase dunha terra de marcados contrastes, onde en escasos quilómetros pasamos dunhas chairas que a penas superan os 900 metros de altitude a picos que nalgúns ocasións poden superar os 1600.

Xeolóxicamente o río Ribeira marca a división entre o occidente, con chan *pizarroso* e o oriente, con *pedra grá*. Ao Sueste, pola Esculqueira a rocha é cuarcítica, o mesmo que por Chaguazoso e Manzalvos.

A vexetación nesta zona é a típica dun clima oceánico, moi marcada pola altitude media, que supera en gran parte os 900 metros. Aparece pouco toxo e a presenza de *romeo*, tan empregado na menciña popular da zona (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes, 2004, 256-266) *érbedo* e *esteba* é notable. Ademais a *uz*, a *queiruga* e a *xesta*, esta última protectora contra as bruxas (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004, 267), conformando a maioría do monte baixo, xa que dominan pola deforestación a outras especies máis nobres (Rivas Quintas, Rodríguez Cruz 2002).




Fig. 4: Detalle dun dos gravados históricos de Domingo García (segundo Lucas de Viñas 1973, 261)

No eido administrativo o concello da Mezquita esta composto de nove núcleos de poboación importantes que son os seguintes:¹³

- Santa María Madanela de Cádavos
- Nosa Señora da Encarnación de Castromil¹⁴
- Santiago de Chaguazoso
- Santa Eufemia da Esculqueira
- Santa María de Manzalvos
- San Martiño da Mezquita
- San Pedro de O Pereiro
- San Simón de Santigos
- Santa María da Cabeza de Vilavella.

EXPOSICIÓN DE NOVOS ACHÁDEGOS NA ZONA DA MEZQUITA

Consultando a bibliografía¹⁵ as primeiras noticias que temos sobre algún tipo de estudo neste eido dos gravados en zonas preto de A Mezquita débemoslla a Ánxel Cerdeiriña (1926, 36-40) que da conta de paraxes da zona da *Urdiñeira*, facen-

do referencia a gravados coma *A Vidueira* ou *O Monte da Pía*, coa ferradura coma tema principal; ambos son lugares que estrictamente non se atopaban dentro da área de estudio non tivemos a oportunidade de comprobar o seu estado actual. Seguindo cronoloxicamente o rastrexo bibliográfico obtemos unha serie de traballos con citas concatenadas extraídas do autor anteriormente citado¹⁶, polo que ata o ano 2004 non aparece outra publicación que faga referencia a estas manifestacións. Falamos do xa citado e interesante traballo de José Rodríguez Cruz e Antonio Lourenço Fontes, que adica bastantes liñas a estas pedras ofrecendo coma sempre frescura coa presentación de novos achádegos así como mostrando a riqueza folclórica que os aglutina.

Tendo como punto de referencia directa para esta zona as obras anteriormente citadas, expoñemos a continuación nun breve resumo a modo de ficha técnica os exemplos mais significativos e que segundo a nosa opinión gardan relación directa co tema a tratar, centrándonos maiormente na zona da

13. Extraído do Nomenclátor de Galicia (2003, 191)

14. Falamos eiqú do barrio Galego xa que existe outro Castromil administrativamente en Zamora.

15. Neste caso foinos imposible facer un rastrexo polas fontes documentais máis antigas coma o *catatastro do Marqués de Ensenada* por atoparse a información referente ás terras da Mezquita en Zamora por razóns puramente administrativas. A consulta desta obra seguramente houbera deparado algún que outro achádego máis, tal e como ten acontecido noutras zonas onde si foi consultado.

16. Podemos citar Serpa Pinto (1929, 20), Sobrino Buhigas (1935), Bouza Brey (1938, 368-378), Bouza Brey (1940, 220), López-Alonso Cuevillas (1943, 99), García Martínez (1968, 261), Taboada Chivite (1973, 186)...



Fig. 5: Ferraduras e cruciforme de As Lagorzas da Devesa Vella.

Mezquita, pero citando, se é preciso, algún exemplo en zonas limítrofes a este concello co fin de enriquecer máis o texto.

Fraga das Ferraduras (San Cibrao de Hermisende, Zamora)

Aínda que este gravado non se corresponda administrativamente coa zona obxecto de estudo decidimos incluílo por dúas motivacións fundamentais, a primeira é a súa riqueza temática que o converte nun dos gravados máis importantes destas características, e a segunda por ser un referente moi coñecido nas poboacións próximas, o que tivemos privilexio de comprobar.

Descrición dos motivos inscultrados:

Trátase dunha rocha de grandes dimensións, e de gran planicie na súa parte superior, que se vai transformando nunha pequena pendente, conforme

descendemos polo Nordeste da rocha. Os gravados distribúense ao longo de todo o panel conformando case un *horror vacui* de gran riqueza temática, que se compón de varios motivos inscultrados:

-Por unha banda están as ferraduras, o elemento máis representado ao longo de todo o panel, que unhas veces se espallan anarquicamente e outras forman curiosas combinacións e aliñacións.

-Estas á súa vez están acompañadas dun número considerable de cruces en Phi (que xunto coas cruces simples son tidas por históricas (Peña Santos, Vázquez Varela 1979, 103) orientadas normalmente seguindo o eixo Norte-Sur (Fig. 2).

-Por último aparecen de xeito claro unha serie de figuras antropomorfas articuladas nunha escena sostendo obxectos de difícil identificación (Fig. 3). O primeiro dos antropomorfos sitúase na parte superior dereita, representado sen tercio inferior e montado a lombos

dun cuadrúpede coa cola moi marcada. Parece levar algo similar a un casco, e o brazo esquerdo na cadeira. No dereito parece brandir ao mesmo tempo un escudo circular e algún tipo de lanza. Do costado do antropomorfo parte outra liña de difícil interpretación, pero con claros paralelismos, tal e como se verá máis tarde. O segundo dos antropomorfos sitúase na parte inferior dereita, xusto debaixo do cuadrúpede descrito anteriormente. Ao igual que acontecía co exemplo anterior parece levar tamén unha especie de casco ou gorro, a man dereita libre e a esquerda ataviada cun arco, lanza ou similar. Destacar a vestimenta desta personaxe, que a modo de túnica que cae sobre as pernas, cun apéndice xusto no medio. Respecto aos pés están fortemente marcados en anchura e mirando cara o interior. A terceira das personaxes antropomorfas sitúase na parte superior esquerda (Fig. 3), e non se atopa exenta de problemas identificativos. Parece fóra de dúbidas a identificación da cabeza, tercio superior, brazo dereito e arma no mesmo brazo, nun esquema que aparentemente repite o do primeiro antropomorfo. Nembargantes as diferencias tamén son notables, xa que a montura non é en absoluto identificable neste segundo exemplo, o mesmo que o escudo circular, ademais de presentar un posible pé.

Con respecto a interpretación popular do mesmo podemos sacar en conclusión tanto coa visita co noso informante coma polo que nos contaron acerca desta rocha en poboacións veciñas, que está relacionado solidamente co paso do apóstolo Santiago por estas terras, converténdose este nun lugar onde se ferraban os cabalos e por suposto onde ferrou Santiago o seu, xa que nel están marcadas as tenaces, as ferraduras e outros instrumentos necesarios.

Paralelismos

O feito de atoparnos un gravado como o da *Fraga das Ferraduras* no occidente zamorano con motivos antropomorfos tan claros, podería inicialmente levarnos a pensar nas numerosas pinturas prehistóricas da meseta de Castilla-León, mais unha concienzuda revisión dos motivos insculturados darán conta da cronoloxía do gravado.

No que respecta aos motivos das denominadas cruces en phi e especialmente ás ferraduras, xa se comentou anteriormente a gran expansión xeográfica que presenta este motivo tanto en Galicia coma en Europa, polo que inicialmente parece moito máis sinxelo localizar xeográficamente paralelos para a escena dos antropomorfos, da que contamos cunha escena case que igual na súa morfloxía e discurso. Trátase dunha rocha do famoso conxunto de gravados ao aire libre de Domingo García (Segovia). Nesta área concéntranse gravados de distintas épocas dende o Paleolítico (Ripoll López, Municio González 1999) ata épocas contemporáneas (Gómez Barrera 1993, 207-208). En concreto interéranos unha rocha deste conxunto onde a aparece representada unha escena idéntica á da *Fraga das Ferraduras* (Fig. 4). Os paralelismos non se limitan á temática, senón que tamén atinxen ao nivel técnico e iconográfico, tal e como se pode observar no risco que parte do costado das figuras, no tipo de túnica con apéndice no medio¹⁷ ou na tipoloxía das cabezas dos cabalos. Polo contrario existe unha notable diferenza entre ambos grupos, que é a tendencia en Domingo García a representar o tercio inferior dos xinetes. Outro claro paralelismo estilístico téndese na postura do brazo esquerdo da personaxe no lado inferior esquerdo de *Domingo García* co cabaleiro da *Fraga das Ferraduras*, en idéntica posición coa man apoiada na cadeira.

As Lagorzas da Devesa Vella (Santigoso, A Mezquita)¹⁸

Atopase este gravado nunha zona chaira ás aforas de Santigoso nun entorno ocupado por terras de labor, marcando o límite, segundo o noso informante, do citado Santigoso e a localidade veciña (Fig. 5).

A rocha sobre a que se insertan os gravados mide case tres metros de longo, tendo un ancho de un metro e medio e unha altura moi pouco significativa, xa que non agroma do chan mais que medio metro. No que a análise do panel se refire podemos dicir que está conformado por cinco ferradu-

17. Segundo algúns autores podería tratarse dunha representación fálica (Lucas de Viñas 1973, 261)

18. Debemos a noticia de este achádego a Don Fermín Álvarez Rodríguez 78 anos (Minchu) ao que desde estas liñas lle queremos dar as gracias pola súa amabilidade e paciencia a hora de guiarnos pola súa terra.

*Fig. 6: Vista do
emprazamento
da Pedra das
Ferraduras.*



ras, agrupadas na secuencia dous, dous, un todas orientadas na mesma dirección, ademais dunha cruz, da que do seu eixo vertical parece saír unha ramificación, que non podemos confirmar con seguridade debido a invasión de liques que cobre a rocha (na que pode haber máis motivos insculturados) coroada por unha coviña. No que se refire ao relato asociado parece ser que son as marcas do paso dun cabaleiro por estas terras, segundo o noso informante, aínda que antes *“dicían os vellos que eran do cabalo de Santiago”*. Compre dicir tamén que segundo o noso informante esta rocha acompañaba a outra de similares características no que a temática se refire, que foi desfeita para a construción dun valado próximo, hoxe conformámonos con contemplar os restos que dela quedan, marcados polos resquicios das labouras extractivas do nobre oficio da cantería.

***Pedra das Ferraduras ou Lombeiro redondo*¹⁹ (Castromil, A Mezquita)**

Pese a non ser unha rocha de gran tamaño e non posuír unha grande cantidade de gravados, é po-

siblemente o exemplo máis curioso deste estudio sobre todo pola súa riqueza etnográfica que analizaremos con posterioridade (Fig. 6). Con respecto á análise da rocha compre salientar dúas formas que parecen alfabetiformes (os que para o noso informante son as tenaces e o martelo de ferrar os cabalos) ademais dunha ferradura e algunha coviña. Esta rocha esta envorcada sobre a superficie gravada polo que foi unha labor complicada e inconcluente, a de observar con certo tipo de rigor os elementos insculturados. Atopámonos aquí cun caso curioso no que a interpretación popular se refire, xa que este penedo foi volteado polo noso informante e un latoeiro de Portugal para buscar o tesouro que segundo o famoso libro de San Cipriano se agochaba debaixo do mesmo. Na infructuosa procura da que soamente se exhumaran cacharros cerámicos vermellos.

***As Fragas da Marra (A Mezquita)*²⁰**

Motivo composto exclusivamente de ferraduras, marcadas no salto do cabalo de Santiago dende o Tameirón..

19. Xogamos cos dous microtopónimos, seguido ao noso informante, Jose Antonio García, 76 anos, a quen agradecemos tamén a súa axuda.

20. Exemplo extraído de Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes (2004, 179)



Fig. 7: Fotografía dunha área do Tameirón manipulada dixitalmente (Barandela Rivero, Lorenzo Rodríguez 2004, 144)

O Tameirón (A Gudiña)

Trátase de dúas rochas de grandes dimensións, a primeira confórmana un nutrido grupo de ferraduras que se espaxen anarquicamente ao longo de toda a rocha, ademais dunha gran coviña central (Fig. 7). Na segunda atopámonos cunha ferradura, ademais dun gravado con forma cuadrangular (Barandela Rivero, Lorenzo Rodríguez 2004, 100). Garda este conxunto similares características tanto a nivel estilístico como folclórico con outros recollidos por toda a zona da Gudiña, como *O Penedo de Santiago* no Canizo (A Gudiña), *A Ferradura* (Pereiro, A Gudiña) (Rivas Quintas, Rodríguez Cruz, 2002, 57 e 71; Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004, 178-179), ou incluso en zonas xa máis afastadas da zona de estudio, como Ramilo (Viana do Bolo), Cabreiroá ou Oímbra (Verín) (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004)

Somos conscientes da existencia dun gran número de penedos por estas terras nos que a ferradura se converte nun tema reiterativo. Aquí espuxemos os

que dende o punto de vista estilístico nos pareceron mais salientables, tratando de deixar claro que este reconto non se converte en algo definitivo, xa que as nosas prospeccións foron encamiñadas ás zonas delimitadas nun traballo máis amplo polo que de seguro fican sen ser estudados un gran número de gravados que propiciarán sorpresas interesantes en investigacións futuras.

A conformación dunha particular cartografía mítica²¹

Case a totalidade dos exemplos aquí presentados así coma outros consultados na bibliografía fan ao Apóstolo Santiago, e máis concretamente ao seu cabalo branco, responsables da feitura dos gravados nunha época imprecisa na que loita ca mouramia²² (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004, 176), quedando as pisadas do seu cabalo marcadas xunto aos útiles para ferrar ao mesmo: martelo tenaces etc., como acontecía nos exemplos de Hermisende e Castromil, nun intento de dotar de sentido a outros

21. Valémonos aquí do método utilizado por algúns autores (Ayán Vila 2002, 151-165; 2005a, 148-166; 2005b, 90-112) no momento de analizar os relatos folclóricos e facelos partícipes da concepción do espazo polo habitante do rural do noso país.

22. Neste caso o termo mouro refírese claramente aos habitantes dos castros, aos seres míticos por excelencia na cultura oral Galega, xa que Santiago tamén aparece nos castros loitando para votalos fóra coma acontece na fermosa lenda da vila de Seoane (Rodríguez Cruz, Lourenço Fontes 2004, 177)

Fig. 8: Petroglifo e pía do Lombeiro da Pía, coas dúas coviñas resaltadas informáticamente en cor branca.



elementos que comparten panel coas ferraduras e que son de difícil comprensión para o habitante do rural debido ao descoñecemento do código simbólico baixo o que foron creados. Dentro deste apartado teríamos un curioso exemplo onde apreciamos coma un elemento alleo á temática dos gravados, e das ferraduras máis concretamente, pasa a formar parte do folclore xacobeo. Falamos do *Lombeiro da Pía* (Manzalvos, A Mezquita)²³, que non é máis ca unha cubeta de grandes dimensións escavada na rocha onde se acumula a día de hoxe gran cantidade de auga da choiva e que segundo os habitantes desta poboación “era onde paraba a beber o cabalo do Apóstolo Santiago” (Fig. 8). Observamos outra vez o artellamento premeditado que introduce de novo un elemento totalmente alleo á temática exposta co fin de interpretar un conxunto de vestixios dende a racionalidade popular pasada pola criba cristiá.

Dos gravados de ferraduras dos que a xente aínda conserva referencias todos gardan características similares que poderían esquematizarse desta maneira:

-Santiago montado a cabalo pasa por estas terras para loitar contra os mouros

-Salta dun penedo a outro, en ocasións situado nos confíns doutra parroquia ou poboación próxima

-Deixa a súa impronta no salto

-Cando no panel aparece algún elemento máis cas ferraduras, este súmase dun xeito ou doutro ao relato, sendo algún dos utensilios necesarios para ferrar ao cuadrúpede.

-O penedo en cuestión utilízase aínda como termo, aquí chamado *marra*, que divide xeralmente grandes extensións de terreo entre varias parroquias ou incluso concellos diferentes. Moitas veces as ferraduras van acompañadas de cruces que ratifican a súa función delimitadora.

Desta maneira os mouros son desprazados dun xeito case total polo Apóstolo Santiago como responsables

23. Esta pía garda interesantes similitudes coas que se recoñecen como prototípicos e susceptibles de ser incluídas dentro da categoría de santuario rupestre (Rodríguez Colmenero 2000, 156) (Barandela Rivero *et al* 2005, 47-68), polo que poderíamos estar a falar dunha cristianización en toda regra dun lugar de forte contido pagán. Un apoio desta teoría sería a existencia neste lugar dunha capela a Virxe das Candelas, hoxe inexistente.

destas marcas, mentres que polo contrario comprobamos como na mentalidade popular os mouros seguían habitando en fragas e nalgunha que noutra croa. Isto foi algo que nos chamou poderosamente a atención e nos dirixe cara dúas premisas fundamentais:

-Estabamos ante un proceso claro de cristianización férrea que afectou en maior grado a este tipo de manifestacións que ás demais.

-Ou se pola contra estabamos ante dous procesos de natureza distinta no que a formación do folclore se refire, xa que a xente soamente se lembraba dos motivos de ferraduras mais non lembraba ningún outro tipo de gravados (coviñas, círculos...)dos que si constatáramos a súa existencia.

A permanencia no folclore dos motivos de ferraduras ten a súa correspondencia na toponimia, xa que as referencias ás ferraduras nestas zonas son as máis claras e abundantes na planimetría e nos nomenclátor por nós utilizados, o que xa nos puña sobre aviso previamente ao traballo de campo prognosticando a superioridade numérica deste motivo.

CONCLUSIÓNS AO ESTUDIO

Ao longo do estudio fomos observando como a etnografía pode ser unha ferramenta válida na que apoiarnos no momento de analizar o complexo proceso de comprensión e artellamento do espacio por parte da nosa comunidade campesiña. Aínda que hoxe o modelo tradicional este en vías de extinción, queda na memoria dos nosos maiores o tempo en que cada lugar da parroquia, por pequeno que fose, tiña dono e polo tanto nome, conformando unha cartografía local por onde se desenrolaba a vida cotiá.


Este mapa da vida cotiá foise transmitindo de xeración en xeración e xunto con el foron adheridas tamén lendas ou mitos fundacionais que son os que

conforman gran parte do noso folclore, restos interpretativos de antigos modelos de comprensión do medio que a nós seméllanos alleos por non amparrarse nun corpus de racionalidade científica. Sen embargo, estes modelos de pensamento que dotaban de sentido aos vestixios arqueolóxicos, obra de seres míticos mouros e mouras que facían castros, cavaban túneles que comunicaban sitios tan distantes entre si ou fiaban cunha gran rocha na cabeza que despois era abandonada na parroquia, eran os que en maior ou menor medida formaban unha parte importante do universo creencial dos nosos avós. No noso caso era o Apóstolo o que marcaba os penedos no paso co seu cabalo, era este o que saltaba dunha parroquia a outra. O campesiño non repara se esta lenda é máis vella que aquela outra, quédase co complemento práctico que moitas veces lle é adherida, ao igual que lembra unha pedra porque tanxe ou unha croa porque se asemella a unha cabeza humana. A utilidade de moitas destas lendas ou mitos como procesos mnemotécnicos de orientación espacial, está por debaixo conformando estes modelos. Modelos agora desestructurados, os que mediante a análise da etnografía tentamos recompoñer, con maior ou menor acerto, sen afondar moitas veces na razón de ser dos mesmos. O exercicio de recopilación é o primeiro paso, pero pode quedarse en algo fútil se non asumimos o risco de tentar chegar ata a primeira motivación, que agocha un pensamento, idea ou concepción do espacio vital determinada baixo calquera metodoloxía, sempre fundamentada no rigor e coherencia dos datos analizados.

Esto foi o que nos tentamos facer dende un comezo na realización deste traballo e non estamos seguros de ter alcanzado os obxectivos presupostos, mais quedámonos coa satisfacción de que ademais de ter feito unha recolleita de emerxencia no que ao noso folclore se refire, tentamos ir, se cadra, máis alá da mera exposición de relatos, para comprender un pouco máis as nosas raíces xa que, para apreciar, valorar ou defender algo compe denantes coñecelo.

Bibliografía

- Ayán Vila, X. M. (2002) Mámoas Castros e Tesouros: A Mourindá nas terras de Cuntis. Pasado e futuro de Castrolandín (Cuntis): Unha proposta de recuperación e revalorización Ayán Vila (coord.) *Tapa* 29 pp 143-169. Ed Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.
- Ayán Vila, X. M. (2005a) Etnoarqueoloxía e Microhistoria dunha paisaxe cultural: A Parroquia de San Pedro de Cereixa (Pobra de Brollón, Lugo). *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo III. pp 117-172. Santiago de Compostela.
- Ayán Vila, X. M. (2005b) Os Castros despois dos Castros: Un espacio simbólico na paisaxe rural tradicional Galega. *Encontros coa Etnografía*. Paula Ballesteros Arias (coord.) pp 63-136. Ed. Toxosoutos. Noia.
- Barandela Rivero, I; Lorenzo Rodríguez, J. M. (2004) *Petroglifos de Ourense. Reflexións a un primeiro conto da arte rupestre prehistórica na provincia*. Ed. Deputación Provincial de Ourense. Ourense
- Barandela Rivero, I; Castro Pérez, L; Lorenzo Rodríguez, J. M; Otero, R. (2005) Notas sobre los Santuarios rupestres de la Gallaecia. *Minus* XIII, pp 47-68. Ed. Servicio de Publicacións Universidade de Vigo. Vigo.
- Bouza Brey, F. (1938) El gravado prehistórico de "O coto das Ferraduras" en Cortegada de Miño (Órense). *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, T XI nº 239 pp. 368-378. Ourense.
- Bouza Brey, F. (1940) Las insculturas rupestres de Presqueiras. *Boletín de la Comisión de Monumentos de Órense*, T XII nº 250 pp. 217-222. Ourense.
- Cerdeiriña, R. A. (1926) Notas pra un estudio da Urdiñeira. *NOS*, T-II nº 31 pp 25-48. Ourense.
- Costas Goberna, F. J; Pereira García, E. (1998) Los Gravados rupestres en épocas históricas. En F. J. Costas Goberna e J. M. Hidalgo Cuñarro (Coords) *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*. Asociación Arqueológica Viguesa, Serie Arqueología Divulgativa, 4. pp 129-173. Vigo
- Eguileta Franco, J. M; García Valdeiras, M; Rodríguez Cao, C; Romaní, E. (1999) *Nogueira de Ramuín, un concello da ribeira sacra* Orensá. Ourense.
- Fariña Busto, F. (2002) *Santa Mariña de Augas Santas*. Fundación Caixa Galicia. Ourense.
- Ferro Couselo J. (1952) *Los petroglifos de termino y las insculturas rupestres en Galicia*. Ed. Museo Arqueolóxico de Ourense. Ourense.
- García Martínez, M. C. (1968) A pedra que fala, con piletas e petroglifos. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Vol. XXIII pp 255. Santiago de Compostela.
- Gómez Barrera, J. A. (1993) *Arte Rupestre Prehistórico en la meseta Castellano-Leonesa*. Consejería de Cultura y Turismo de la Junta de Castilla y León. Valladolid.
- López Cuevillas, F. (1926) Papeletas arqueolóxicas e folk-lóricas da bisbarra de Verín. *NOS*, nº 36. A Coruña.
- López-Alonso Cuevillas, F. (1943) Las insculturas del "Outeiro da Cruz". *Boletín del Museo Arqueológico de Ourense*, T-I, PP 95-101. Ourense
- Lucas de Viñas, R. (1973) Gravados rupestres de Domingo García (Segovia). *XII Congreso Nacional de Arqueología* (Jaén 1971), pp 257-266. Zaragoza.
- Mandianes de Castro, M. (1990) *Las serpientes contra Santiago*. Ed. Sotelo Blanco. Barcelona.
- Muñoz de la Cueva, Fr. J. (1727) *Noticias históricas de la santa Iglesia Catedral de Orense*. Imprenta Real. Madrid.
- Nomenclátor de Galicia (2003) *Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Ed. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela
- Peña Santos, A. de la; Vázquez Varela, J. M. (1979) *Los petroglifos Gallegos*. Ed. Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos nº 30. A Coruña.
- Peña Santos, A. de la; Rey García, J. M. (2001) *Petroglifos de Galicia*. Ed. Vía Láctea. A Coruña.
- Ripoll López, S; Municio González, L. J. (Directores). *Domingo García Arte Rupestre Paleolítico al aire libre en la meseta castellana*. Memorias 8. 1999.
- Rivas Quintas, E; Rodríguez Cruz, J. (2002) *Terra das Frieiras*. Ed. Deputación Provincial de Ourense. Ourense.
- Rodríguez Colmenero, A (1997) Un gran conxunto de novos petroglifos no outeiro Redondo, Baltar (Xinzo de Limia), Ourense. *Larouco*, 2, pp 279-282. Grupo Arqueolóxico Larouco. Sada, A Coruña.
- Rodríguez Colmenero A. (2000) Deorum Temene. Espacio Sagrado y Santuarios rupestres en la Gallaecia Romana. Un intento de clasificación. *Actas do Terceiro Congreso de Arqueoloxía Peninsular*. Vol. VI "Arqueología da Antigüidade na Península Ibérica". Porto.
- Rodríguez Cruz, J; Lourenço Fontes, A. (2004) *Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca*. Ed. Ir Indo. Vigo.
- Santos Estevez, M; García Quintela, M (2003) Arte rupestre y santuarios. *Semata*, 14, pp. 37-94. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- Serpa Pinto, R. (1929) Petroglifos de Sobroso e a arte rupestre en Portugal. *NOS* nº 62. Ourense.
- Sobrino Buigas, R. (1935) *Corpus Petroglyforum Gallaciae* (Estudio preliminar de Núñez Sobrino, A.). Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Ed. do Castro. Sada, A Coruña.
- Taboada Chivite, X. (1945-46) Insulturas de herradura en la comarca del Tamega. *Boletín de la Comisión de Monumentos de Órense*, Tomo XV pp 122-128. Ourense.
- Taboada Chivite, X. (1973) *Historia de Galicia*. Ramón Otero Pedrayo (coord.) Tomo III. Buenos Aires.
- Walter P. (2004) *Mitología Cristiana, Fiestas, ritos y mitos de la Edad Media*. Ed. Paidós. Buenos Aires.



JOAQUÍN VEGA DOMÍNGUEZ

Estudou Arquitectura Técnica na E. U. de Arquitectura Técnica da Coruña. Adicou o seu traballo fin de carreira ao estudo da arquitectura popular do Concello de Manzaneda.